

PAZO DE TOVAR - A CAZOLGA (Lourenzá)

05/08/18

O pasado 5 de agosto, e por sexto ano consecutivo, celebramos a xuntanza anual na Cazolga, organizada pola Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá á que asistiron as nosas amigas e amigos de Pasada das Cabras de Burela.

Comezamos a nosa camiñata cun día un pouco nubrado no Pazo de Tovar, en Canedo, edificación de estilo gótico isabelino, mandada construír por Don Antonio de Tovar no ano 1530 e que non se chegou a rematar. Continuamos camiñando entre conversas e risas ata chegar á famosa Fonte da Ra situada na praza do Conde Santo, na que todos os nenos e nenas de Lourenzá teñen unha foto de comunión. Esta fonte, de fai aproximadamente un século, foi restaurada recentemente pola nosa compañeira Ana Belén Barreira Oural, de Terras de Lourenzá e pintada coas cores orixinais.

Xa con sol paramos a sacar unha foto grupal diante da Igrexa de Santa María, iniciada no ano 1732 e rematada por Casas Novoa. Din que esta igrexa foi o ensaio para construír a fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago de Compostela.

Logo de facer un descanso para tomar un café continuamos pola Ponte de Pedra, situada sobre o río Baos, que era a entrada a Vilanova, antigamente coñecida como "Vila da Ponte", por onde actualmente pasa o Camiño de Santiago.

Despois de 12 Km chegamos á Cazolga cruzando a ponte construída no ano 1796 por monxes beneditinos de Lourenzá e polo que se trouxeron os materiais para construír o Monasterio de San Salvador.

Alí recibíronnos con música (DJ Celeirao) e cervexa fresca. Que mellor! Os máis atrevidos bañáronse no río Masma antes de xantar para refrescarse. Xa sentados á sombra das árbores degustamos bolos preñados, lacón asado, tomates ecolóxicos riquísimos, patacas fritidas, viño e cervexa. Rematamos con pasteis, café e como non, coa queimada. Mirando ao redor podíase apreciar a amizade e o compañeirismo, as risas e a diversión. A xuntanza na Cazolga nunca defrauda: camiñar, bo comer, música, cancións e guitarra en directo, baile e alegría. Que máis se pode pedir para unha xornada!

Sei que se puxo moito traballo e ilusión neste día, así que moitísimas grazas aos organizadores e a todos os asistentes por compartir e facer posible este domingo tan divertido. Agardando con ilusión pola xuntanza do ano que vén!

Elena García